



Asociación galega de familias de acollida

todo nen@ merece unha familia... ou días

Casa das Asociacións do Benestar Social

R/ Manuel María #6, 3º-3

15705, Santiago de Compostela

T. 622 672 188 · www.acougo.gal

MEMORIA DE ACTIVIDADES ANO 2022

ÍNDICE

- 1. INTRODUCCIÓN**
- 2. FINS DE ACOUGO**
- 3. ACTIVIDADES DE ACOUGO**
- 4. XUSTIFICACIÓN DAS ACTIVIDADES**
- 5. OBXECTIVOS**
- 6. ACTUACIÓNS DURANTE O ANO 2022**
 - **DIFUSIÓN E SENSIBILIZACIÓN**
 - **Deseño e impresión do material das actuacións.**
 - **Proxección do documental sobre o acollemento familiar**
 - **Presentación de ACOUGO e da realidade dos NNA do sistema de protección á infancia nos concellos de Galicia**
 - **Charlas informativas nos diferentes concellos en materia de acollemento familiar**
 - **Divulgación das actividades na web, Youtube e redes sociais**
 - **Participación nos diferentes medios de comunicación social**
 - **Campañas solidarias e de difusión do acollemento**
 - **Día mundial do Acollemento Familiar**
 - **Día do pixama**
 - **FORMACIÓN**
 - **Planificación e deseño da formación**
 - **Formación a alumnado de centros educativos**
 - **Formación a persoal técnico das administracións públicas**
 - **Formación a profesionais do eido social e educativo**
 - **Formación a familias acolledoras e de orixe**
 - **Formación interna de ACOUGO**
 - **Formación ao voluntariado**

- **SERVIZO DE APOIO INTEGRAL AO ACOLLEMENTO**
 - **Asesoramento, información e mediación nas xestións**
 - **Apoio e acompañamento ao acollemento:**
 - **Apoio terapéutico e intervención social a familias e crianzas en acollemento familiar**
 - **Actividades de conciliación familiar**
 - . **Campamentos**
 - . **Servizo de conciliación familiar durante as formacións e xuntanzas das familias.**
 - **Campaña de xoguetes de Nadal**
 - **Apoio e acompañamento a NNA de centros residenciais**
 - **Actividades familiares**
 - . **Xuntanzas en familia**
 - . **Encontros de familias**
- **OUTROS PROGRAMAS**
 - **Familias +**
 - **Banco de recursos**
 - **Curso en Familia**
- **SENSIBILIZACIÓN E INCIDENCIA SOCIAL E POLÍTICA**

7. FINANCIAMENTO, COLABORACIÓN E APOIOS

1. Introducción

A Asociación Galega de Familias Acolledoras ACOUGO constitúe unha entidade de interese xeral inscrita no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais co número de identificación E 7138.

Nace no ano 2019 da necesidade e da urxencia por involucrarse en maior medida e dende outra perspectiva, que ata entonces non existía, na defensa dos dereitos dos nenos, nenas e adolescentes (NNA) que están no sistema de protección público.

Non existe en Galicia ningunha entidade máis que poña foco exclusivamente no acollemento familiar como a mellor medida de protección á infancia, tal e como vén recollido na normativa Internacional, Estatal e Autonómica que pasamos a citar:

- Convención sobre los Derechos del Niño adoptada por la Asamblea General de las Naciones Unidas el 20 de noviembre de 1989, ratificada por España el 6 de diciembre de 1990.
- Código civil
- Ley Orgánica 1/1996, de 15 de enero, de protección jurídica del menor, de modificación parcial del Código Civil y de la Ley de enjuiciamiento civil.
- Ley 3/2011, do 30 de junio, de apoio a la familia y a la convivencia de Galicia.
- Ley 2/2006, do 14 de junio, de derecho civil de Galicia.
- Decreto 42/2000, de 7 de enero, por el que se refunde la normativa reguladora vigente en materia de familia, infancia e adolescencia.
- Decreto 192/2015, do 29 de octubre, por el que se define la Cartera de servicios sociales de familia, infancia e adolescencia.
- Ley 13/2008, do 3 de diciembre, de servicios sociales de Galicia.
- Decreto 99/2012, do 16 de marzo, por el que se regulan los servicios sociales comunitarios y su financiamiento.
- Ley Orgánica 8/2021, de 4 de junio, de protección integral a la infancia y la adolescencia frente a la violencia.

A Asociación desenvolveu durante o ano 2022 maioritariamente as súas actividades dentro do ámbito territorial da Comunidade Autónoma Galega, aínda que tamén tivo presenza noutros puntos do Estado Español, onde participou e colaborou con entidades para visibilizar nunha maior medida a realidade do acollemento familiar.

2. Fins de ACOUGO

Os fins de interese xeral da Asociación son:

1. Protexer á infancia en Galicia
2. Representar ás familias acolledoras, tanto familia extensa como familias alleas.
3. Fomentar o acollemento familiar en Galicia.
4. Axudar ás familias acolledoras , nenos/as e xoves acollidos/as, no seu proceso de acollemento.
5. Xerar espazos de encontro e de compartir experiencias para as familias acolledoras.
6. Divulgar e sensibilizar á poboación en materia de medidas de protección de menores.
7. Formar e facilitar a formación regrada ou non, para as familias acolledoras, e menores ou mozos/as acollidos/as, tanto en familias como en centros residenciais.
8. Promover a formación específica para profesionais: dos servizos sociais das Administracións; Autonómica, Provinciais, locais , así como outros axentes involucrados na intervención con nenos, nenas e adolescentes, familias de orixe, acolledoras, etc.
9. Promover o autoemprego, procura de emprego activa e específica para xoves que estiveron, ou están no sistema de protección. E /ou familias biolóxicas.
10. Xerar e potenciar a utilización de espazos comúns de lecer/aprendizaxe coas familias de orixe e biolóxicas, nos casos nos que sexa recomendable.
11. Articular e propor redes e infraestruturas externas dedicadas a facilitar o desenvolvemento das visitas e relacións coas familias de orixe.
12. Promover a conciliación do ámbito familiar coa vida profesional e a participación social e política, de forma que se alcance unha verdadeira igualdade de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres.
13. Investigar e colaborar coa investigación desde a perspectiva de xénero, con relación á situación actual das persoas menores , e xoves que están ou estiveron no sistema de protección en Galicia, ou si é o caso, en España.
14. Participar , e traballar coa Administración para procurar novos modelos que unifiquen criterios , en materia de acollemento, nas catro provincias galegas.
15. Publicar e facilitar documentación e resultados de interese a outras Administracións, Autonómicas, Provinciais ou locais.
16. Promover unha conciencia social positiva e de respecto ao dereito fundamental das persoas menores de idade a crecer en familia.
17. Acadar o Interese Superior das persoas menores de idade, sempre.
18. Fomentar e facilitar a reciclaxe e reutilización de materiais de puericultura, roupa, material escolar, etc.
19. Actualizar o potencial solidario do entorno, promovendo unha concepción positiva sobre esta medida de protección
20. Alentar e fomentar a medida do acollemento familiar que posibilite a inclusión dos nenos, nenas e adolescentes nun ambiente
21. Configurar un movemento que sexa impulso para establecer colaboracións entre o institucional, o profesional e a solidariedade cidadá.

O nome escollido para esta Asociación, "ACOUGO", pretende facer honra a estas finalidades, xa que atendendo á súa definición etimolóxica as ACOUGO vincúlanse ao feito de sosegar, acadar tranquilidade e sensación de benestar, pero non nun sentido de contención, senón tal e como se recolle no dicionario, "...facer desaparecer ou minguar un estado de excitación ou violencia nalgunha persoa..."sendo o seu significado "velar sobre alguén ou sobre algo, ou atendelo de maneira exacta e coidadosa para transformar o seu estado de ansiedade nun estado de calma e benestar". Estes dous termos "exacta" e "coidadosa" constitúen uns dos piares da atención que en ACOUGO lle queremos prestar ás persoas que se atenden dende calquera dos nosos programas. Unha atención personalizada e humanizada, consciente de que as persoas constitúen o capital máis valioso.

Dende a súa constitución, ACOUGO conta cunha **xunta directiva** moi comprometida e participativa.

Nútrese, ademáis, do capital humano que lle aporta o **persoal voluntario (que ascendeu a 30 persoas durante o ano 2022)** e da aportación dos seus **asociados (a finais do ano 2022 duplicamos o número de socios chegando a 54 familias)**.

Estas colaboracións fan posible que ACOUGO poida prestar atención a familias que se atopan dentro do programa de acollemento familiar, entidades públicas e privadas ou persoas da sociedade civil que, por diversos motivos queren información, formación ou xestións no eido de protección de menores e/ou sobre a medida concreta do acollemento Familiar, tanto en familia allea como en extensa.

A este labor tamén aportan o **equipo profesional multidisciplinar** de ACOUGO, formado por **8 persoas** de ámbitos profesionais diferenciados e cunha longa traxectoria no traballo con menores e familias.

Todos xuntos loitamos por acadar un cambio de paradigma social, onde se concencie á sociedade de que as persoas non se configuran como "propiedade de ninguén", nin tan sequera, as persoas menores de idade. Que aínda tendo dereito a unha familia, cando a familia de orixe non se pode facer cargo da súa crianza, non teña por que romper os vínculos coas súas raíces. E se lles respecte a relación, sempre que sexa posible, co seu entorno, configurando así unha realidade na que estas crianzas teñan a oportunidade incluso de ter dúas familias, en lugar dunha, ou ningunha.



3. Actividades de ACOUGO

A asociación, para a consecución dos seus fins, e a mero título enunciativo e non restritivo, pode realizar as seguintes actividades:

1. Colaborar coas Administracións Públicas e coas institucións que se dedican á protección de menores ,aportando experiencias, tempo , dedicación ,e profesionais, tendo en conta sempre o interese superior da persoa menor de idade”.
2. Crear Puntos de atención , información , asesoramento e acompañamento para as familias acolledoras.
3. Crear unha rede de colaboradores, voluntarios e socios, contando tamén co persoal contratado que se estime necesario para a consecución dos fins, anteriormente descritos.
4. Promover actividades culturais como Cinema Forum, Teatro Social, expresión corporal, ciclos de música, debates, etc. Facendo posible a sensibilización por parte da sociedade nos temas de interese e facilitando a participación cidadá.
5. Convocar con frecuencia, grupos de traballo ou terapéuticos, charlas formativas e informativas, seminarios, etc, tanto para usuarios, persoal, membros da Asociación, como para calquera persoa interesada nas temáticas que se propoñan.
6. Calquera actividade que de forma lícita permita conseguir fondos para a intervención directa coas usuarias, o mantemento e funcionamento da asociación.
7. Mediar con Institucións de ámbito Público ou Privado, en situacións de denuncia Social, ou para a consecución de obxectivos comúns en beneficio das persoas menores de idade , as súas familias biolóxicas e as familias acolledoras.
8. Elaborar proxectos destinados a dar alternativas reais como métodos de conciliación efectiva, comunicacións interxeneracionais, espazos comúns, actividades simultáneas, etc.
9. Establecer convenios con Entidades Sociais, Administracións públicas ou privadas, con empresas, ou cooperativas, que sexan de interese para a consecución dos fins anteriormente expostos.
10. Establecer convenios con universidades ou entidades dedicadas á investigación no ámbito Científico Social, tanto para investigar como para pór en práctica os resultados das devanditas investigacións.
11. Calquera outra actividade, que se propoña para acadar o interese superior das persoas menores de idade.

4. Xustificación das actividades realizadas

A través do traballo que se desenvolve no seo da Asociación ACOUGO, detéctanse carencias e necesidades que afectan nomeadamente a familias acolledoras, tanto en extensa como en allea, familias de orixe, e por suposto; nenas, nenos e adolescentes institucionalizados/as, para os que unha medida, en principio, temporal, en moitos casos se torna permanente, e pasan toda a súa infancia, ou parte dela e parte da adolescencia (até a maioría de idade), en centros de menores. Ditas carencias responden a numerosas causas entre as que podemos destacar as seguintes:

A ACOUGO acoden persoas con diversas problemáticas na procura de solucións para as dificultades que están a sufrir elas e as súas familias. Por outra banda, a traxectoria formativa e profesional, fai que se teña un coñecemento da situación das crianzas do sistema de protección que están internados/as en centros residenciais. O traballo de campo desenvolvido con estas persoas e familias permítenos establecer un diagnóstico das problemáticas e necesidades máis comúns que padecen, entre as que se poden destacar as seguintes:

A difusión da medida de Acollemento familiar, que hai máis de trinta anos se leva a cabo dun xeito similar, non está dando un resultado satisfactorio (baixo número de familias acolledoras, alto número de menores en espera dunha). Xa que no imaxinario social, é unha medida totalmente descoñecida para a maioría da sociedade, e unha medida confusa, para unha parte da poboación, onde tamén se inclúen Administracións Locais, profesionais no eido de Servizos Sociais, Educación, Sanidade, etc. A pesar de ser a medida máis adecuada e mellor valorada por parte de profesionais, académicos e técnicos, a nivel internacional, e tamén nacional, e así se reflexa nas leis que regulan medidas relativas á Infancia e adolescencia no noso país.

A formación vese restrinxida ás poucas persoas que dan o paso de acoller, e xa teñen certo convencemento por iniciativa propia, de formar parte do “banco de familias acolledoras”, ou inquietudes profesionais que levan a indagar se xeito particular ou, en algún caso , como requisito para acceder a un posto de traballo concreto... algo que a día de hoxe, en Galicia, é totalmente anecdótico. De feito na nosa Comunidade, e nas Carreiras Universitarias, relacionadas coa conseguinte especialidade laboral, non hai oferta de formación en materia de protección de menores. E si a hai, hai que sinalar que tamén é residual, en comparación con outros eidos de colectivos de especial atención ou en situación de vulnerabilidade Social.

En canto ao Acollemento xa constituído , a función das administracións e entidades que traballan no sistema de protección de menores con estas persoas, moitas veces, vense limitadas polo volume de traballo, que desborda por completo a todo o Sistema de Protección de Menores.

As familias acolledoras non teñen presenza real como parte deste sistema de protección, e non se visibilizan as súas necesidades e problemáticas, tampouco as súas fortalezas e capacidades para poñelas ao servizo do Sistema de Protección de menores. Se o analizamos friamente, sería normal que isto fose así, e o principal interese das administracións, sobre todo a Pública que é a última responsable destes menores, sexan por riba de todo @s menores. Pero cabe destacar que para que as crianzas estean nas mellores condicións posibles, hai que coidar e acompañar ás familias acolledoras neste proceso. As que xa forman parte do sistema , e as que vendo o trato e o apoio que se brindan a estas familias , se animen a formar parte deste recurso, e non ao contrario. As familias Acolledoras son un grandísimo potencial para dar saída a miles e miles de nen@s que ao longo dos meses, teñen que ser separad@s das súas familias de orixe, e son unha verdadeira preocupación para toda a sociedade, ou debería selo polo que isto supón.

A especificidade das necesidades sinaladas, así como a complementariedade de servizos que ofrece ACOUGO con respecto as Administracións ou outras entidades que conforman o Sistema de Protección de Menores, poñen de manifesto o seu papel innovador e a necesidade social das actuacións realizadas, en relación á inexistencia de recursos suficientes na zona de desenvolvemento da súa actividade. O feito de que administracións locais, entidades prestadoras de servizos sociais , así como de servizos básicos da área da saúde e a educación soliciten a colaboración da nosa Asociación, así o deixan de manifesto.

A perspectiva de xénero con respecto a todas as actuacións, require dun nomeamento especial, por ser un eido maioritariamente feminizado, dende tódalas partes que interveñen en materia de Protección de Menores.

Tanto da perspectiva das familias , onde o rol tradicionalmente desenvolto polas mulleres, é aquel que ten que ver co do coidado, das crianzas, persoas dependentes, etc... cunha carga moito maior para as mulleres que para os homes. E no que ademais nas familias acolledoras , as promotoras e impulsoras para formar parte do programa de acollemento familiar, son as mulleres (tanto nas familias tradicionais, monomarentais, homosexuais... en calquera formato de familia)

Como da perspectiva no eido profesional, onde hai un elevado porcentaxe de mulleres en profesións como traballo social, educación social, psicoloxía, pedagogía, etc, que son precisamente a maioría do persoal técnico no sistema de protección de menores.

Estas cuestións que poderían, a día de hoxe, estar superadas por parte do imaxinario social, non o están tanto. E por desgraza segue estendido o de : ..."é cousa de mulleres..."

Este pensamento, algunhas veces, ten connotacións sexistas , e discriminatorias, e dende o punto de vista de ACOUGO, fai un fraco favor ao sistema de Protección, xa que esta medida, ten que transcender ao sentimento ou sensación de que sexa unha medida prioritaria ou simplemente existente...

5. Obxectivos das actuacións realizadas

As actuacións que ACOUGO pretende pór en marcha na Comunidade Autónoma de Galicia,nace co obxectivo fundamental de promover actuacións dirixidas á sociedade Galega en xeral, As Administracións Públicas ou Privadas que amosen interese en materia de protección de menores, ás familias de acollida en extensa ou allea, familias biolóxicas e ás crianzas que conforman o Sistema de Protección de Menores da CC.AA.

A continuación descríbense os obxectivos xerais e específicos que se pretenden acadar co desenvolvemento de cada unha das actuacións propostas.

AF_Tripitico_acougo_TEL.pdf 2 21/4/21 19:06

MANUAL DE CULTIVO

<h2>Semente</h2> <p>DIFUSIÓN XERAL OU ESPECÍFICA</p> <p>As sementes espállanse por todo o territorio galego, atendendo ás necesidades tanto a nivel comarcal, provincial ou autonómico.</p> <p>Cantas máis sementes, máis probabilidades de que prendan e florezan.</p> 	<h2>Orballo</h2> <p>PLAN DE FORMACIÓN</p> <p>Toda semente necesita alimento e un tempo para madurar...</p> <p>Formación específica para as familias acolledoras, espazos de encontro onde compartir experiencias e inquietudes que sirvan de aprendizaxe mutuo e participativo.</p> <p>Formación á profesionais en materia de acollemento familiar e protección da infancia e adolescencia.</p> 	<h2>Colleita</h2> <p>SERVICIO INTEGRAL DE APOIO</p> <p>Para asegurar a colleita temos que coidar as sementes.</p> <p>As familias e os nenos e nenas necesita unha atención e uns coidados individualizados que as axuden a afrontar dificultades e saír fortalecidas.</p> <p>Asesoramento e orientación nas xestións administrativas.</p> <p>Apoio e acompañamento terapéutico ás familias acolledoras e a infancia e adolescencia acollidos.</p> <p>Grupos de apoio familiar.</p> <p><i>As xeadas son duras pero pasan e faste mais forte!!!</i></p> 
---	--	---

Actuación 1. “ACOUGO ,ESPALLANDO SEMENTE”

Difusión da medida de acollemento familiar

Xerar conciencia de cultura de acollemento nas catro Provincias de Galicia , achegar a realidade de nenas , nenos e adolescentes que non poden estar coas súas familias, e viven mais ou menos tempo, dependendo do caso, en institucións residenciais. Tamén a realidade das súas familias e das familias acolledoras.

Actuación 2. “ACOUGO,ORBALLO”

Formación sobre acollemento familiar

Capacitar ás persoas participantes de toda a CC.AA, a través da aprendizaxe en materia de acollemento familiar, a fin de que se poidan manexar de xeito independente e autónomo, aumenten a súa participación social e amplíen as súas expectativas persoais e/ou laborais

Favorecer que o espazo de relacións humanas derivadas da asistencia a clase das persoas participantes, xere interese en materia de protección de menores, e disipe dúbidas e medos con respecto do acollemento familiar.

Crear actitudes favorables cara a valoración, formación ,capacitación e idoneidade, que imparte Cruz Vermella.

Actuación 3. “ACOUGO,COLLEITA”

Medidas de acompañamento e mediación coas familias acolledoras : servizo de conciliación familiar

Axudar ás familias acolledoras de toda Galicia a prever e tratar a dificultades derivadas do acollemento familiar, cunha perspectiva de xénero, e nunha postura entre iguais ,tentando acadar maior corresponsabilidade dentro e fora do núcleo de convivencia familiar, facilitando as xestións burocráticas ou de calquera índole, dende a atención dun equipo profesional interdisciplinar.

MF_111pt100_acougo_T10-p01 1 21/1/21 19:06

OBXETIVO

O obxectivo do programa é achegar á sociedade a realidade das nenas, nenos e adolescentes en situación de desprotección e, a partir de aí, tratar coas familias acolledoras ou potencialmente acolledoras para ofrecer a preparación, a orientación, o acompañamento e o apoio para dotalas de competencias no manexo das dificultades e necesidades específicas dos menores acollidos.

- ♥ Xerar conciencia de cultura de acollemento nas catro provincias de Galicia, achegar a realidade de nenas, nenos e adolescentes que non poden estar coas súas familias.
- ♥ Capacitar ás persoas participantes de toda a CC.AA, a través da aprendizaxe en materia de acollemento familiar.
- ♥ Favorecer que o espazo de relacións humanas derivadas das actividades obxecto deste convenio, xere interese en materia de protección de menores.
- ♥ Crear actitudes favorables cara a valoración, formación, capacitación e idoneidade, que imparten outras entidades relacionadas co acollemento familiar.
- ♥ Axudar ás familias acolledoras de toda Galicia a prever e tratar as dificultades derivadas do acollemento familiar, cunha perspectiva de xénero, e nunha postura entre iguais ,tentando acadar maior corresponsabilidade dentro e fora do núcleo de convivencia familiar, facilitando as xestións burocráticas ou de calquera índole, dende a atención dun equipo profesional interdisciplinar.

O RETO

Sendo **ACOUGO** una entidade que nace da man de familias acolledoras sabemos que existen dificultades no acollemento e que, na maioría das ocasións, temos que facerles fronte soas.

“O proceso de acollemento familiar é un reto. Os nenos e nenas viviron historias dolorosas e o seu sufrimento tradúcese en comportamentos que, en ocasións, son complexos de entender e manexar e, as veces, non sabemos xestionar ou nos sentimos desbordados...”

É por elo que creamos o **Servizo Integral de Apoio** ó acollemento. Un recurso específico para nós, con profesionais especializados que nos entenden, apoian e acompañan para dar unha segunda oportunidades aos nenos e nenas.

- ♥ Unha atención integral e adaptada dende un enfoque familiar.
- ♥ Detección das necesidades dos nenos e nenas.
- ♥ Apoio e acompañamento ante o proceso de acollemento.
- ♥ Atención terapéutica individualiza do/a neno/a e a familia nos casos que sexa necesaria unha intervención para axudarlles a integrar a súa historia e reforzar a estrutura familiar.
- ♥ Apoio psicoemocional a nivel individual e familiar.



CONTIGO FLORECE

Xerando Cultura de Acollemento

www.acougo.gal

*info:
www.acougo.gal
info@acougo.gal
T. 622 672 188



6. Actuacións desenvoltas durante o ano 2022

DIFUSIÓN E SENSIBILIZACIÓN

Queremos xerar conciencia de cultura de acollemento nas catro Provincias de Galicia , achegar a realidade de nenas , nenos e adolescentes que non poden estar coas súas familias, e viven máis ou menos tempo, dependendo do caso, en institucións residenciais. Tamén a realidade das súas familias e das familias acolledoras.

- *Deseño e impresión do material das actuacións*



**FRONTE
ÁS DIFICULTADES**

**ABRE
A PORTA**

Hai familias que atravesan momentos de dificultade nas que, ás veces, as crianzas precisan recursos de apoio.

O servizo FAMILIAS PLUS conecta familias que apoian familias para axudar a superar temporalmente estas dificultades.

Ti podes axudar abrindo a porta a crianzas en dificultades.

Infórmate no 622-672-188 ou en acougo.gal

 **ACOUGO**
Asociación de familias de acollidas

○ ***Proxección do documental sobre o acollemento familiar***

O documental pretende ofrecer unha visión realista do acollemento, reducindo os medos que existen con respecto a este tipo de familias e reclamando o respecto dos dereitos fundamentais do menor. Nel podemos visionar entrevistas a familias acolledoras e de orixe que contan, en primeira persoa, como se articulan as súas familias, como é o seu presente e como ven o seu futuro, que significa a medida do acollemento familiar para eles/as, se hai que ter algunha característica especial para ofrecerlle un fogar a un ou unha menor que se atope dentro do sistema de protección e como se favorece a relación das e dos menores coas súas orixes. Familias construídas para dar acollida a nenos e nenas que precisan, como todos nós, medrar en familia e manter as súas orixes



Están dispoñibles na nosa canle de Youtube, ACOUGO GALICIA, ou premendo nos seguintes enlaces:

[O ACOLLEMENTO FAMILIAR É VERSATILIDADE](#)

[O ACOLLEMENTO FAMILIAR É ESTABILIDADE](#)

[O ACOLLEMENTO FAMILIAR É PROTECCIÓN](#)

[O ACOLLEMENTO FAMILIAR É INTIMIDADE](#)

[O ACOLLEMENTO FAMILIAR É VÍNCULO](#)



Presentación e proxección de documental xunto con AGARESO, no que diversas familias acolledoras e familias de orixe contan a súa experiencia respecto ao acollemento familiar, tanto en allea como en extensa.

As datas importantes foron as seguintes:

- 25 xaneiro: publicación en redes e web do primeiro vídeo.

- 15 febreiro: publicación do segundo vídeo.

- 15 de marzo: publicación do terceiro vídeo.

- 15 abril: publicación do cuarto vídeo.

- 15 maio: publicación do quinto e último vídeo.

- 31 maio: presentación do documental na Xunta de Galicia. No que participaron Jacobo Rey, director xeral de Familia, Cristina Blanco, subdirectora xeral de Familia, Rebeca Pereira, presidenta de Acougo e Carmen Dourado, coordinadora de Acougo.



O documental presentouse o día 31 de maio de 2022 con motivo do día internacional do Acollemento Familiar e tivo eco en numerosos medios de comunicación:

https://www.xunta.gal/notas-de-prensa/-/nova/69407/xunta-participa-presentacion-campana-acollemento-acougo-para-poner-valor-sua?langId=gl_ES

<https://www.agareso.org/es/acompanamos-a-acougo-en-la-presentacion-de-una-campana-e-una-serie-de-documentales-sobre-acogida-familiar/>

<https://www.atlantico.net/articulo/galicia/xunta-destina-50-millones-ano-gratuidad-guarderias/20220531230025917063.html>

https://www.elcorreogallego.es/amp/santiago/preocupantes-cifras-de-acogimiento-residencial-en-los-menores-de-edad-OB11320439#amp_tf=De%20%251%24s&aoh=16540690454564&referrer=https%3A%2F%2Fwww.google.com

<https://www.galiciapress.es/texto-diario/mostrar/3775136/xunta-destaca-mitad-menores-gallegos-tutela-están-familias-acogida>

PROXECCIÓN DOCUMENTAL, O ACOLLEMENTO FAMILIAR É...

OBXETIVOS

Despertar á sensibilidade e a conciencia sobre as necesidades das crianzas do sistema de protección e xerar cultura de acollemento familiara través de diferentes testemuñas de familias acolledoras. Un espazo de encontro, reflexión e achegamento a unha realidade moi descoñecida.

CONTIDOS

- Visualizar o documental “Qué é o acollemento familiar?”
- O acollemento familiar é versatilidade
- O acollemento familiar é estabilidade
- O acollemento familiar é protección
- O acollemento familiar é intimidade
- O acollemento familiar é vinculo coas orixes
- Charla coloquio
- Preguntas ás propias familias acolledoras por parte dos asistentes

*A charla coloquio teñe como obxectivo resolver calquera dúbida ou inqueda, tendo á disposición a unha familia acolledora que poida de primeira man respondelas.

DURACIÓN

1h 30m, poñendo a disposición dos asistentes o servizo de conciliación familiar.

DESTINATARIOS

Á sociedade en xeral, peroas, familias e/ou profesionais que queiran coñecer o acollemento familiar dende á realidade das familias acolledoras.

METODOLOXÍA

Metodoloxía vivencial, activa e participativa baseada no establecemento dun contexto de seguridade e confianza que permita xerar debate e plantexar diferentes cuestión que xeneren inquezas ou dúbidas.

Adaptación e flexibilidade en función do número de asistentes e/ou características dos destinatarios.

No ano 2022 proxectouse en:

- Fundación Luis Seoane, A Coruña. 23 de setembro.
- Fórum Metropolitano, A Coruña. 29 de novembro.



- ***Presentación de ACOUGO e da realidade dos NNA do sistema de protección á infancia nos concellos de Galicia***
 - Fixemos un primeiro achegamento da asociación a novos concellos galegos. concello. Reunímonos co goberno local e asinamos acordos e compromisos de colaboración.
 - Coñecemos as particularidades da poboación de cada concello para posteriormente deseñar, o máis axustado posible, unha difusión específica .



CONCELLOS CONTACTADOS DURANTE POR PRIMEIRA VEZ NO ANO 2022

PROVINCIA DE LUGO

- Ribadeo. 9 de febreiro.
- Mondoñedo. 9 de marzo.
- Lourenzá. 9 de marzo.
- Guntín. 10 de marzo.

PROVINCIA DE PONTEVEDRA

- Tui. 11 de abril.
- Vilanova de Arousa. 29 de marzo.
- O Grove. 13 de xullo.
- Moaña. 27 de agosto.
- Meis. 2 de setembro.

PROVINCIA DE A CORUÑA

- A Coruña. 20 de xaneiro.
- Bergondo. 2 de febreiro.
- Pontedeume. 4 de marzo.
- Oleiros. 24 de marzo.
- Arteixo. 13 de maio.
- Ares. 22 de xuño.
- Cabanas. 27 de xullo.

Ademáis tivemos novas reunións nos concellos de A Coruña, Ferrol, Culleredo, Lugo, Vilalba.

- ***Charlas informativas nos diferentes concellos en materia de acollemento familiar.***



Continuamos a facer charlas de difusión sobre acollemento familiar para visibilizar a realidade de miles de nenos, nenas e adolescentes que non poden vivir coas súas familias, as dificultades coas que poden toparse as súas familias de orixe e o labor das nosas familias acolledoras.

Grazas aos convenios de colaboración cos concellos, a implicación dos axentes sociais e as persoas interesadas é posible facer cultura de acollemento.

As persoas interesadas inscríbense cubrindo un formulario de incrición coma o do seguinte modelo: [Sesión informativa no Concello de FERROL: "Xerando cultura de acollemento" \(google.com\)](#)

CHARLA INFORMATIVA EN MATERIA DE ACOLLEMENTO FAMILIAR	
FICHA TÉCNICA	
OBXECTIVOS	
Difusión e sensibilización do acollemento familiar como medida de protección á infancia e adolescencia. Proporcionar unha información básica sobre o sistema de protección (teórico e legal) e achegar esta realidade á sociedade co obxectivo de crear cultura de acollemento familiar e impulsar a medida.	
CONTIDOS	
<ul style="list-style-type: none">• Conceptos teóricos e organigrama que permitan entender o marco do sistema de protección á infancia e adolescencia• Carteira de servizos en materia de acollemento e axentes implicados• Características do acollemento familiar• Multidimensionalidade dende unha aproximación emocional	
DURACIÓN	
2 horas	
LUGAR E DATAS	
A determinar en función das necesidades e dispoñibilidade de cada concello	
METODOLOXÍA	
Utilizárase unha metodoloxía activa e participativa, utilizando dinámicas e co protagonismo das persoas participantes.	
Adaptación e flexibilidade en función do número de persoas asistentes e características das mesmas.	

Sesións de difusión durante o ano 2022:

CONCELLO	DATA	PERSOAS PARTICIPANTES
Concello de Ferrol	19 de febreiro	7 persoas participantes
Concello de Culleredo	17 de marzo	10 persoas participantes
Concello de Lourenzá	18 de marzo	9 persoas participantes
Concello de Santiago	31 de maio	9 persoas participantes
Concello de Vilalba	31 de maio	6 persoas participantes
Concello de A Coruña	12 de outubro	30 persoas participantes
Concello de Arteixo	16 de novembro	6 persoas participantes

○ **Divulgación das actividades na web, canle de Youtube e redes sociais da entidade.**

- **WEB:** <https://acougo.gal/>
- **YOUTUBE:** ACOUGO GALICIA. <https://www.youtube.com/@acougogalicia>
- **FACEBOOK.** <https://www.facebook.com/acougo.acougo.3>
- **INSTAGRAM.** <https://www.instagram.com/acougo.gal/>

Información general

Has llegado a un **+213%** más de cuentas que en el periodo 22 oct. - 20 nov.

Cuentas alcanzadas	3.595 +213%	>
Cuentas que interactúan	280 +32,7%	>
Total de seguidores	1.088 +6,4%	>

Durante o ano 2022 realizáronse 198 publicacións en redes sociais, coas cales obtivemos:

- 5913 likes.

- Sobre 3500 persoas ao mes que visitaron, compartiron e comentaron o contido de Acougo, contido sobre acollemento familiar.

○ **Participación nos medios de comunicación social**

A parte dos xa indicados noutros apartados da memoria, ACOUGO fíxose presente en moitos medios de comunicación oral e escrita durante o ano 2022:

3 de febreiro	Entrevista en "Somos Ames". Ames Radio
13 de febreiro	Entrevista en Revista Quincemil. El Español
18 de febreiro	Entrevista en "Voces de Compostela". Radio Voz
18 de febreiro	Artigo de prensa en El Correo Gallego.
19 de febreiro	Artigo de prensa en La Voz de Galicia
21 de febreiro	Artigo de prensa en La Voz de Galicia
23 de febreiro	Artigo de prensa en O Correo do Barbanza
12 de marzo	Artigo de prensa en La Opinión de A Coruña
30 de marzo	Entrevista en "Somos Ames". Ames Radio
9 de abril	"Bos días, fin de semana". TVG
Maio	Ondas de Arosa
4 de xuño	Artigo de prensa en Praza.gal
9 de xuño	Entrevista en "A Tarde". Radio Galega
10 de xuño	Entrevista en "Somos Ames". Ames Radio
xullo	Ondas de Arosa
18 de xullo	Artigo de prensa en Galicia Confidencial
10 de agosto	Artigo de prensa en La Voz de Galicia
agosto	Ondas de Arosa
29 de agosto	Entrevista en Cadena Ser. Vigo
9 de setembro	Artigo de prensa en La Opinión de A Coruña
9 de setembro	Artigo de prensa en La Voz de Galicia
12 de setembro	"A revista". TVG
8 de outubro	Entrevista en Radio COPE
25 de outubro	Entrevista en "Somos Ames". Ames Radio
26 de outubro	Artigo de prensa en La Voz de Galicia
26 de novembro	Artigo de prensa en O Correo da Area de Compostela

TVG

Gravación sobre programa de acollemento familiar no programa "A Porta Aberta". 30 de agosto

<https://www.youtube.com/watch?v=GIITS0GL2dg&t=60s>

Enlaces de medios que recollen o noso traballo:

https://www.cope.es/emisoras/galicia/noticias/rueda-anuncia-que-xunta-aprobara-nas-vindeiras-semanas-primeiro-plan-impulso-acollemento-familiar-galicia-para-promover-esta-formula-proteccion-dos-menores-20221008_2332989

<https://www.elcorreogallego.es/ocorreodaareadecompostela/programa-familias-plus-para-dar-un-respiro-a-las-que-no-disponen-de-medios-AG12410716>

<http://www.galiciaconfidencial.com/noticia/204117-sistema-retirada-tutelas-xunta-sospeita-roubo-legal-menores-habitual>

<https://www.laopinioncoruna.es/gran-coruna/2022/09/09/charla-centro-rua-mino-acogimiento-75210011.html>

https://www.lavozdegalicia.es/noticia/yes/2022/09/10/ninos-acogida-llegado-tener-6-casa/0003_202209SY10P6992.htm

https://www.lavozdegalicia.es/noticia/ferrol/ferrol/2022/02/19/programa-musicoterapia-mayores-65-anos/0003_202202F19C3993.htm

https://www.lavozdegalicia.es/noticia/santiago/ames/2022/10/26/ames-busca-familias-ayuden-casos-excepcionales/0003_202210S26C4994.htm

<https://praza.gal/movementsosociais/non-somos-heroes-o-acollemento-familiar-faise-visible-como-a-mellor-via-para-a-infancia-protexida-pola-administracion>

<https://www.elespanol.com/quincemil/articulos/vivir/las-familias-de-acogida-en-galicia-un-papel-imprescindible-ante-una-realidad-desconocida>

The image shows a screenshot of a news article from the website 'Correo do Barbanza'. The article is titled 'A Pobra organiza un encontro de familia interesadas en el acogimiento' and is dated '21 FEB 2022 / 15:20'. The author is 'SUSO SOUTO'. The article features a photograph of two women standing in front of a banner that reads 'A POBRA DO CARAMIÑAL'. The banner also includes the text 'CONCELLO DA POBRA' and 'CONCELLO DA POBRA'. The article is categorized under 'FAMILIAS' and 'A POBRA'. There are social media sharing icons for Facebook, Twitter, and Email. A 'LO MÁS VISTO' section is visible at the bottom left, featuring a small image and the text 'Excelencia / Una graduada en la USC, Sofia Haselgruber,'.

- **Campañas solidarias e de difusión do acollemento**

Durante o ano 2022 iniciamos diferentes campañas solidarias a favor de ACOUGO. Os obxectivos principais eran difundir o acollemento familiar e recadar fondos para a realización dos nosos programas

- **Nadando polo acollemento familiar "Rías de Acollida". 18 de setembro de 2022**

Os nadadores Juan Santaren e Peio Ormazábal fixeron unha travesía de 40km entre as rías de Ferrol e Cabanas.

<https://www.farodeviqo.es/deportes/morrazo/2022/08/31/brazadas-buena-causa-74689161.html>

- **Cóctel solidario a favor de ACOUGO**



Cóctel solidario a favor de ACOUGO

VIERNES, 27 DE MAYO
19:00 HORAS



ORGANIZAN



Club Deportivo



Asociación galega de familias de acollido



- **Feira do voluntariado de AMES. 1 de outubro de 2022**



- **Posto informativo no Concello de Padrón. 25 de setembro de 2022**



- **Posto informativo no Concello de Ames. 8 novembro de 2022**



- **Concurso de postais navideñas. Con temática do acollemento**

 ACOUGO
ASOCIACIÓN GALA DE FAMILIAS DE ACOLLETO

CONCURSO DE
**FELICITACIONES
NAVIDEÑAS**
DE TEMÁTICA SOBRE EL
ACOGIMIENTO

1ER PREMIO: Lote de juegos de mesa
2º PREMIO: Lote de libros

Plazo de presentación hasta el 16
de diciembre

Enviar a: info@acougo.gal

La felicitación ganadora será
publicada el día 17 de
Diciembre

- ***Día mundial do acollemento familiar.***

Cada 31 de maio conmemoramos o día mundial do acollemento familiar. Recordamos que, en España, máis de 40000 crianzas atópanse baixo algunha medida de protección. Entre elas, preto de 17000 están a medrar en centros residenciais, das cales 1177 son menores de 6 anos.

O acollemento familiar representa unha alternativa vital para que pidan medrar nun ambiente familiar que lles brinde atención, coidado e acompañamento durante o tempo que precisen.

A parte da proxección do documental, ACOUGO sumouse á campaña dos tres dedos coas tres cariñas.



- ***Día do Pixama nos centros escolares***

Como cada ano, a Asociación Estatal de Acollemento Familiar ASEAF, convida a participar nesta iniciativa a toda a comunidade educativa. Para conmemorar o día dos dereitos da Infancia e Adolescencia, 20 de novembro, propoñen que vaíamos en pixama ao cole!! É para representar o momento da intimidade familiar da hora de ir a durmir, nun fogar calquera. Con esta iniciativa preténdese facer énfase na importancia do Acollemento Familiar para garantir o dereito de vivir en familia dos nenos, nenas e adolescentes... que os que viven en centros non o teñen cumprido.

Como o día 20 era domingo, pasouse a celebración nas escolas para o venres 18 de novembro. Neste día crianzas e profesorado de diferentes centros educativos acudiron en pixama a clase, para simbolizar o tempo en familia e a lectura do conto antes de durmir, un momento no que as crianzas e adolescentes séntense protexidas, arroupadas e seguras. Realizáronse tamén outras actividades educativas encamiñadas ao mesmo fin.

Os centros participantes na nosa comunidade foron os seguintes:

NOMBRE_COLEGIO	COMUNIDAD_A	PROVINCIA
Escuela Infantil Ceo Azul Bueu	galicia	Pontevedra - Bueu
Escola Infantil O Parque	Galicia	A Coruña
Colegio San José Carmelitas	Galicia	Vigo
La Salle Santiago de Compostela	Galicia	A Coruña
CEIP Plurilingüe Ría de Vigo	Galicia	Pontevedra
CPR Cid	Galicia	A Coruña
santa maria	Galicia	Santiago de Compostela
EEl de Aralde- Sobrán	Galicia	Pontevedra
CEIP PLURILINGÜE OS CASAIS	Galicia	A Coruña
A Galiña Azul Sada	Galicia	A Coruña
CEIP AGRO DO MUÍÑO	GALICIA	A CORUÑA
CPR CASA DO NENO	Galicia	A CORUÑA
E.I SANTIAGO-CASTIÑEIRO	GALICIA	A CORUÑA
COLEXIO PLURILINGÜE DIVINO MAESTRO SANTIAGO DE COMPOSTELA	GALICIA	A CORUÑA
CEIPP Castrillón, Coiro Cangas de Morrazo	Galicia	Pontevedra
COLEXIO GALAXIA	Galicia	A Coruña
CEIP FLAVIA	GALICIA	A CORUÑA
CEIP AGRO DO MUÍÑO	Galicia	A Coruña
EEl de Vilar-Bamio	Galicia	Pontevedra
San José de Cluny, Santiago	Galicia	A coruña
ESCOLA INFANTIL "A GALIÑA AZUL" DE SILLEDA	GALICIA	PONTEVEDRA
Arcos Casa Niño	Galicia	Pontevedra
CEIP Rosalía Castro	Galicia	A coruña
Cra de Teo	Galicia	A Coruña
CEP ventin	Galicia	Pontevedra
CRA A TABANDEIRA	Galicia	A Coruña

Dende ACOUGO ofréronse aos centros educativos diversos contos para traballar na aula sobre acollemento familiar, e 3 unidades didácticas para traballar en diferentes niveis.

Os contos foron:

- La llegada de Mateo (María Ayesa Usechi)
- Casas + corazones = mucho cariño (Verónica Pérez Gutiérrez)
- Dingo (Junta de Andalucía)
- Families Change (Julie Nelson)

As unidades didácticas foron:

- 5 por un tiempo (Asociación de Acogimientos Familiares de Aragón)
- Colorín colorado (Asociación de Acogimientos Familiares de Aragón)
- El parque de las visitas (Verónica Pérez Gutiérrez)

IGUALES Y DIFERENTES

Nuestras familias también pueden ser muy diferentes.



Puede ser una **familia biológica**, lo que significa que has nacido de tu padre y tu madre. Puedes tener hermanos, o no tenerlos.

Puede ser una **familia adoptiva**. Tus padres biológicos, de los que naciste, no pudieron hacerte de padres. Así que necesitabas una nueva familia. ¡Y ahora ya la tienes!

Puede ser una **familia homoparental**, de dos mamás o de dos papás.



FORMACIÓN

Queremos formar ás persoas de toda a comunidade galega en materia de acollemento familiar e protección da infancia, no grao e nivel de especialización en función dos intereses de cada un. A participación nas diferentes formacións xere interese en materia de protección de menores e disipe dúbidas e medos con respecto do acollemento familiar.

- *Planificación e deseño da formación*
- *Formación a alumnado de centros educativos*

Dende o programa "Acolendo o acollemento familiar", ACOUGO fomenta a formación nos centros educativos para chegar realidade das crianzas en desprotección, tanto aos compañeiros/as de aula como ao profesorado.

CHARLA INFORMATIVA EN CETROS ESCOLARES EN MATERIA DE ACOLLEMENTO FAMILIAR
OBXECTIVOS
Profundizar sobre ó acollemento familiar para ampliar ás crenzas sociais da sociedade e romper mitos e lendas o respecto. Dar a coñecer as diferentes modalidades de acollemento e presentar iniciativas innovadoras neste eido.
CONTIDOS
- Conceptos teóricos e organigrama que permitan entender o marco do sistema de protección á infancia e adolescencia - Características do acollemento familiar - Multidimensionalidade dende unha aproximación emocional
DURACIÓN
2 horas
LUGAR E DATAS
Centros escolares de toda Galicia
METODOLOXÍA
Utilizase unha metodoloxía activa e participativa, utilizando dinámicas e co protagonismo das persoas participantes Adaptación e flexibilidade en función do número de persoas asistentes e características e idade das mesmas.

Dende ACOUGO fomentamos a formación nos centros educativos para achegar a realidade das crianzas en desprotección, tanto aos compañeiros/as de aula como ao profesorado. Para isto realizáronse as seguintes actividades:

- 15 de febreiro. Colexio La Salle, Santiago. 5 aulas de Educación secundaria, 125 adolescentes.
- 17 de novembro. CEIP Ventín, Ames. Alumnado de 6º EP. 101 alumnos
- 19 de novembro. CEIP Ventín, Ames. Alumnado de 5º EP. 80 nenos
- 18 de novembro. CEIP Padrón
- 20 de novembro. CEIP Agro do Muiño. Alumnado de 3º e 4º EP. 150 alumnos.
- 6 de decembro. IES Milladoiro.
- 17 de decembro. Escola unitaria de Reis, Teo. 10 alumnos.
- 22 de decembro. IES Milladoiro.



De igual modo, realizáronse varias formacións a futuros profesionais do eido do social e educativo:

11 DE marzo. Centro educativo Santa Apolonia, Santiago. Ciclo de Educación Infantil.

19 de outubro. IES Portovello, Ourense. Ciclo de Educación Infantil

21 de novembro. IES A Chapela, Ourense. Ciclo Integración Social

22 de novembro. FESAN Santiago. Ciclo de Educación Infantil.

24 de novembro. IES PORTOVELLO. Ciclo de Integración Social.

29 de novembro. EFA Piñeiral, Arzúa. Ciclo de Educación infantil



○ **Formación a persoal técnico das administracións públicas**

Durante o ano 2022 realizouse en:

* Concello de Miño, 8 persoas dos equipos profesionais de Servizo Sociais, Centros Educativos e Policía Local.

* Concello de Arteixo. 8 persoas dos equipos profesionais de Servizos Sociais e Concellería de Educación.



Esta acción formativa para equipos profesionais foi deseñada para impartir os seguintes contidos:

- Datos dos menores no sistema de protección de menores de Galicia.
- Que é Acougo? Como funcionamos?
- Sistema de protección, onde estamos?
- Axentes de referencia no acollemento familiar
- Patria postestade, tutela e garda
- Dereitos e deberes de familias de acollida, crianzas e familias biolóxicas
- Entidades que interveñen na medida do acollemento familiar.
- Tipos de acollemento
- Recurso de apoio para a familia biolóxica
- Apoio integral ao acollemento para familias de acollida
- Crianzas na medida de acollemento familiar
- O acollemento familiar en 5 pasos.
- Que podes facer polo acollemento familiar dende o teu posto de traballo


EVALUACIONES FORMACIÓN ARTEIXO

Formación profesional do ámbito do social concello de ARTEIXO


1 DE DECEMBRO DE 2022

MARCA de 1 ao 5, (1 pouca satisfacción, 5 moita satisfacción)


considero que os temas tratados na formación axúndame na miña práctica profesional
7 respostas



A duración da formación foi adecuada para aclaración dos conceptos clave
7 respostas



Valoración do equipo profesional que realizou a formación
7 respostas



○ **Formación a profesionais do eido social e educativo**

Impartíronse igualmente formacións nos seguintes organismos:

- * ACLAD (Asociación de loita contra a drogadicción). 7 de abril
- * CEESG (Colexio de Educación social de Galicia). 1 de xuño.



* Colexio Oficial de Traballo Social. Curso online dende o 23 de abril ao 19 de xuño.

Participan 20 alumnos/as dos cales o 90 % finalizan as tarefas e rematan o curso como aptos/as.

**CURSO DE
ACOLLEMENTO
FAMILIAR CON
MENORES DO SISTEMA
DE PROTECCIÓN
(MENORES EN
DESPROTECCIÓN)**

○ **Formación a familias**

Consideramos moi importante ofrecer formación as familias acoledoras con diferentes temáticas que nos demanden.

FORMACIÓN PARA HOMES DE FAMILIAS DE ACOLLIDA EN CORRESPONSABILIDADE.

Enmarcada na no Plan Corresponsables, ofrecemos esta formación para os homes das familias acoledoras e de orixe. Tivemos algunha sesión presencial e xeramos vídeos curtos (subidos a nosa canle de youtube Acougo Galicia) para sensibilizar sobre este tema.

Estes son algúns exemplos:

<https://www.youtube.com/shorts/P-MWRVUKyeo>

<https://www.youtube.com/watch?v=A5TNnSnWD2U>



ACOUGO
Asociación Galega de
Familias de Acollida

**Homes
Corresponsables**


Charla Taller
Dirixida a: homes acolledores ou
interesados no acollemento e na
crianza en xeral
Imparte: Psicóloga María Pouso

27-12-2022, 17:30h
**Centro
Sociocultural
O Castiñeiriño**
Inscripcións: infor@acougo.gal 622672188

XUNTA DE GALICIA CONSELLERÍA DE PROMOCIÓN DO EMPREGO E CALIDADE

Plan de sensibilización e formación en corresponsabilidade e cidadanía dirixido a homes de familias acolledoras e familias de orixe





little l.

TALLER DISCIPLINA POSITIVA

IMPARTE:
ALBA PICALLO
Ed. certificada en
Disciplina Positiva

25 DE NOVIEMBRE
17:00 HORAS
EDIF. CABES,
SANTIAGO DE COMPOSTELA
rúa Manuel María 6

**Para familias socias de ACOUGO, con plazas tamén
para o público en xeral hasta completar aforo.**
Para todo tipo de familias.
CON SERVICIO DE CONCILIACIÓN.

QUE IMOS TRABALLAR:

- **COÑECER FERRAMENTAS DE DISCIPLINA POSITIVA**
- **CONECTAR CO NOSO NENO/A INTERIOR, E POR TANTO CONECTAR COS NOSO/AS PEQUENOS/AS.**
- **APRENDEREMOS A SER AMABLES E FIRMES O MESMO TEMPO**
- **SABER COMO RESPECTAR ÓS NOSOS NENOS E NENAS RESPECTÁNDONOS A NÓS**

○ **Formación interna de ACOUGO**

A parte das reunións semanais de equipo, onde compartimos información sobre as diferentes formacións e aprendizaxes que realizados de xeito individualizado, para fomentar a reciclaxe profesional grupal no eido do acollemento familia, ACOUGO levou a cabo diferentes formacións internas:

14 de novembro. Formación sobre novas dinámicas de formación e difusión do acollemento




1 e 27 de decembro. Formación LEGO.

Impartida por SERGOTEC S.L. e NARU.

A metodoloxía Lego é unha técnica que facilita o traballo en grupo. Mediante a utilización de habilidades visuais, auditivas e cinestéticas, explóranse as relacións e conexións entre as persoas e o seu mundo, obsérvase a dinámica, tanto interna coma externa, e explóranse varios escenarios hipotéticos para a toma de conciencia de todas as posibilidades.

É un proceso de encontro, comunicación e resolución de problemas no que as persoas participantes son guiadas a través dunha serie de preguntas para conectar a construción con pezas de lego co mundo interno e emocional das persoas participantes e a discusión en grupo.

Despois de explorar esta técnica dentro do equipo, pretendemos levala ao eido do acollemento para afondar en tres vertentes: na prevención, na dotación de recursos para afianzar as relacións e en dar a coñecer que o dano neste sistema de vínculo provoca graves carencias persoais.



○ **Formación do voluntariado**

O 1 de decembro de 2022 reuniuse ao voluntariado para presentar os programas e informar ao voluntariado dos novos proxectos. Participaron 10 voluntarios/as (3 de forma online)



PLAN DE VOLUNTARIADO

1	PROGRAMA DE DIFUSIÓN
	<ul style="list-style-type: none"> + Compartir o contido das nosas redes sociais para chegar a máis xente. + Colaborar na elaboración de materiais e contidos para redes sociais.
2	PROGRAMA DE COMUNICACIÓN E SENSIBILIZACIÓN
	<ul style="list-style-type: none"> + Participar nas accións de difusión, nas que o equipo profesional de ACOUGO transmite á sociedade o que é o acollemento familiar e como funciona. + Colaborar na organización dos diferentes eventos para sensibilizar en materia de acollemento familiar. + Apoiar no programa "Acollendo o Acollemento", de sensibilización en centros escolares. + Achegar o acollemento familiar como "Persoa Chave" ao resto da comunidade (dar acceso a centros escolares, a concellos, a diferentes administracións).
3	PROGRAMA DE APOIO A FAMILIAS ACOLLEDORAS E DE ORIXE
	<ul style="list-style-type: none"> + Colaborar con ACOUGO na organización, planificación e desenvolvemento dos encontros de familias acolledoras. + Realizar as actividades de conciliación familiar nas reunións e actividades para familias acolledoras. + Axudar a xestionar o banco recursos para as familias acolledoras e de orixe (roupa, material de puericultura, xoguetes,...). + Compartir a túa experiencia en acollemento familiar (se xa es familia de acolida, como "Familia Experta"). Podes intervir en diferentes eventos compartindo recursos, participando en grupos de whatsapp...
4	PROGRAMA DE APOIO A CRIANZAS E ADOLESCENTES DO SISTEMA DE PROTECCIÓN
	<ul style="list-style-type: none"> + Acompañar na realización de actividades en encontros entre irmáns e irmás. + Acompañar na realización de actividades de "Ocio Positivo" con crianzas e adolescentes do sistema de protección. + Realizar actividades de reforzo educativo para crianzas con necesidades educativas especiais en acolida.



SERVIZO DE APOIO INTEGRAL AO ACOLLEMENTO

Dende ACOUGO ofrecemos apoio a todos os axentes involucrados no acollemento familiar:

- ás familias acolledoras que están no inicio, desenvolvemento ou despedida do proceso de acollemento.
 - as familias que están á espera de emprender a viaxe do acollemento familiar.
 - aos NNA do sistema de protección, tanto en acollemento familiar como en acollemento residencial.
 - ás familias de orixe.
-
- ***Asesoramento, información e mediación nas xestións coas administracións públicas e/ou entidades colaboradoras.***

As distintas e diversas situacións que se poden dar derivadas dun acollemento poden provocar realidades, que non se contemplaron na formación previa ou de idoneidade propiamente dita. Isto pode xerar unha parálise na dinámica familiar da familia acolledora, que provoque certas inseguridades.

As familias de orixe tamén teñen dúbidas e preguntas por aclarar e, moitas veces, solicitan acompañamento.

Respecto ao ano 2022 as intervencións realizadas neste senso foron as seguintes:

- ***INFORMACIÓN XERAL ÁS FAMILIAS: 181***

Entre as consultas realizadas, as máis frecuentes foron:

- Como se realiza o proceso de acollemento familiar.
- Posibilidade de acollemento de fins de semana e vacacións.
- Que condicións debe cumprir unha familia para ser familia de acollida.
- Prazos. - Reclamacións por dificultades no proceso.

- ***ORIENTACIÓN ÁS FAMILIAS ACOLLEDORAS EN EXTENSA: 173***

Consultas máis frecuentes:

- Dereitos das familias acolledoras en extensa
- Recursos aos que poden optar
- Apoios e acompañamentos

- *ORIENTACIÓN ÁS FAMILIAS ACOLLEDORAS EN ALLEA: 219*

Entre as consultas mais realizadas:

- Que facer ante certas dificultades dentro da acollida.
- Recursos de apoio.
- Como resolver necesidades que se dan dentro do acollemento familiar.

- *ORIENTACIÓN ÁS FAMILIAS DE ORIXE: 78*

Entre as consultas mais realizadas:

- Recursos de apoio a familias de orixe
- Información sobre como realizar peticións a ETM ou Cruz Vermella.
- Apoio na planificación de visitas.

- *ASESORAMENTO E ORIENTACIÓN A PROFESIONAIS QUE TRABALLAN CON NNA DO SISTEMA DE PROTECCIÓN: 103*

Entre as consultas máis realizadas:

- Información sobre o que é o acollemento familiar.
- Recursos de apoio para familias de acollida en extensa.
- Recursos de acompañamento psicolóxico a crianzas, adolescentes en acollemento familiar e ás súas familias de acollida.
- Busca ou contacto de familias de acollida para casos concretos.

- ***Apoio e acompañamento ao acollemento***

O proceso de acollemento familiar é un reto. Os nenos e nenas viviron historias dolorosas e o seu sufrimento tradúcese en comportamentos que, en ocasións, son complexos de entender e manexar e, ás veces, non sabemos xestionar ou nos sentimos desbordadas...

Cando falamos de acollemento familiar, falamos dun proceso de axuste e reaxuste constante como pasa en calquera familia, pero no acollemento familiar este proceso pode ser moi diferente ó que coñecemos.

O acollemento familiar supón unha nova convivencia, un novo espazo de intimidade e vida cotiá onde tamén xorden os medos e as pautas educativas recibidas ata entón. Unha nova etapa onde poden cambear moitas estruturas que xa estaban moi asentadas.

É na familia onde os nenos e nenas comezan a aprender a relacionarse, a expresarse, regularse e a construír a imaxe de quenes son eles, elas e de cómo é o mundo

O acollemento familiar tamén é un acollemento emocional que precisa dun vínculo afectivo que aporte a base de seguridade e confianza que precisa un neno ou nena para medrar. Cómo construír ese vínculo cando os nenos e nenas teñen tantos medos? Cómo entender a importancia do vínculo reparador do acollemento?

Prepararse e preparar os nenos e nenas para a volta coa súa familia, unha nova transición que ten que ser coidada e mimada como se merece.

A mirada da infancia non é a mesma que a da adolescencia e cada crianza "é ela e as súas circunstancias". Cómo acompañal@s e apoial@s na elaboración da súa historia de vida.

- **Programa de Programa de acompañamento terapéutico e apoio psicosocial a familias e crianzas en acollemento familiar**

O acollemento familiar é unha experiencia intensa, xa sexa pola novidade, a incertidume, e a adaptación á nova situación familiar ou ás necesidades concretas dos nosos nenos e nenas en acollida.

Contabilizamos un total de 194 sesións de acompañamento teraéutico e de atención social individualizados.

- **Actividades de conciliación familiar**

- Campamentos. Durante o ano 2022, en colaboración con entidades "Amigas do Acollemento Familiar", ofrecemos diferentes espazos de conciliación ás nosas familias socias.

GRANXA ESCOLA DE BERGANDO.

- Campamentos de verán para nenos en acollemento familiar. Participaron 10 nenos e nenas.
- Campamentos urbanos. Mes de xullo. Participaron 3 crianzas.

REAL AEROCLUBE DE SANTIAGO

- Campamentos urbanos. Participaron 6 crianzas.



- Servizo de conciliación familiar durante as formacións e xuntanzas de familias.

Todas as nosas actividades con familias ofrecen un servizo de conciliación familiar que facilite asistencia e xere lazos entre as crianzas. É un servizo profesionalizado e apoiado polo voluntariado, que ofrece sesión de ocio positivo e educativas.

- ***Campaña de xoguetes de Nadal.***

Dende a Asociación Acougo colaboramos con distintas entidades e grupos solidarios (Elfos y Calcetines, Cadena de Favores) para aledar un pouco máis o Nadal aos nenos, nenas e adolescentes das familias socias e dos centros residenciais onde traballamos.

A campaña consistiu en facerlles un agasallo que pedían na súa carta de nadal.

Participaron un total de 24 NNA de familias acolledoras en extensa e en allea e 16 de acollemento residencial.



- ***Apoio e acompañamento a NNA de centros residenciais***

Seguimos a traballar no proxecto de intelixencia emocional mediante mindfulness, iniciado en 2021.

A finalidade deste proxecto é, mediante actividades lúdicas, dinámicas e educativas, o entrenamento en ferramentas para a expresión e xestión emocional, desenvolvemento de novas estratexias de afrontamento e de relación, fomentar o benestar, familiar e convivencial, así como, mellorar o comportamento e o autocontrol.

As sesións se realizaron nos seguintes centros residenciais:

- Escuela Hogar M^a Inmaculada de O Barqueiro – Apostólicas de Cristo Crucificado
- Casa de Familia Arela – Conxo

O trabajo dividiase en 8 sesiones:

1ª sesión: PRESENTACIÓN INICIAL de todos los participantes para valorar sus centros de interés, sus necesidades y expectativas.

2ª sesión: QUIEN SOMOS Y COMO NOS EXPRESAMOS, cada uno realizo una representación de si mismo en una cartulina con imágenes de revistas y periódicos, después cada participante tuvo que elegir una imagen para cada uno de los otros introduciendo los conceptos de como nos percibimos y como nos perciben los demás.

3ª sesión: DICCIONARIO DE LAS EMOCIONES, utilizando el emocionario, el tablero de las emociones y el crucigrama realizamos una introducción sobre las emociones, la función que tienen, los comportamientos que provocan y las situaciones en las que se dan

4ª sesión: EL MIEDO, utilizando unas laminas como soporte visual hablamos del miedo y de su función.

5ª sesión: LA RABIA/IRA, realizamos el bote de la calma con un bote de cristal, agua y purpurina, introduciendo el concepto ira/rabia como una situación que algunas veces provocan remolinos dentro que dejando pasar el tiempo se calman.

6ª sesión: LA TRISTEZA, utilizamos juegos de mesa para hablar de distintas situaciones que nos provocan tristeza y de los diferentes comportamientos que provocan en cada uno.

7ª sesión: LA ALEGRÍA, realizamos un taller de pulseras de hilo mientras oralmente conectamos con las situaciones que provocan alegría.

8ª sesión: FIESTA DE LAS EMOCIONES, como conclusión y para poder plasmas en papel parte de lo aprendido durante todas las sesiones realizamos el diario de las emociones.



- **Actividades familiares**

A unión fai a forza e como familias acolledoras sabemos a importancia de pertencer a grupos asociativos e de participación para loitar polos dereitos da infancia e adolescencia do sistema de protección e tamén... dos nosos dereitos como familias acolledoras!!!

Deste xeito, organizamos encontros por comarcas, autonómicos e estatais de familias onde nenos, nenas, adolescentes e os seus adultos de referencia teñan contacto con outras familias para compartir experiencias e sentir o apoio necesario durante a viaxe do acollemento...

Espazos de encontro e de reflexión onde seguir aprendendo todo/as xunto/as: familias, nenos e nenas, adolescentes, profesionais, administracións...

- ENCONTRO DE FAMILIAS PARA A CELEBRACIÓN DO DÍA DA FAMILIA.

No Pazo da Peregrina de Bertamiráns, Ames. 15 de maio de 2022

1º ENCONTRO
Día Internacional da Familia

• LUGAR: Pazo da Peregrina, Bertamiráns. •
DATA: Domingo 15 de maio de 17:00h a 20:00h

Unha tarde para compartir con:

.xogos e actividades para as crianzas.
.stands informativos.

• Aínda que non te encaixe somos diversas, somos familias. •

Organiza:
ACOUGO
ASOCIACIÓN GALEGA DE FAMILIAS ACOLLEDORAS
teléfono: 622 672 188
email: info@accougo.gal

Colabora:
Concello de AMES

- ENCONTRO ESTATAL DE FAMILIAS ACOLLEDORAS

Este ano a Asociación Galega de Familias Acolledoras ACOUGO organizou o IX Encontro Estatal de Familias Acolledoras en Santiago de Compostela (Monte do Gozo) durante o día 7, 8 e 9 de outubro, gracias a colaboración da Asociación Estatal de Acollemento Familiar ASEAF.

Unha fin de semana para disfrutar e baixo o lema "Xacobeo en familia, pola diversidade familiar", porque as familias acolledoras somos familias e somos diversas.

Un encontro onde recibimos a familias acolledoras de toda España para visibilizar á medida de acollemento familiar, crear comunidade.

IX ENCUENTRO ESTATAL DE FAMILIAS DE ACOGIDA

7-8-9 DE OCTUBRE 2022

SANTIAGO DE COMPOSTELA

A xornada plantexouse dende unha perspectiva lúdica e cultural a través de diferentes actividades e contacto coas tradicións galegas (música folk, camiño de Santiago, o "botafumeiros").

Durante os días que durou o encontro organizáronse diferentes actividades organizadas en colaboración con diferentes entidades colaboradoras, así como a recepción de autoridades como o Presidente da Xunta, D. Alfonso Rueda, o D. X. De Familia D. Jacobo Rey, a Subdirectora de D.X. de Familia Dna. Cristina Blanco, o Alcalde de Santiago de Compostela Don Xosé Sanchez Bugallo, entre outros.

"XACOBEO EN FAMILIA"
POR LA DIVERSIDAD
FAMILIAR



ORGANIZA:



PATROCINA:



Xacobeo 21-22



- **Xuntanzas en familia**

ACOUGO facilita espazos de encontro, reflexión e apoio mutuo co obxectivo de informar, acompañar e reforzar o labor que levan a cabo as familias acolledoras.

Con temáticas diversas e sempre respondendo á demanda das familias, compartimos vivencias e tentamos dar respostas e solucións a moitas situacións que se viven cada día nas familias acolledoras



DIPUTACIÓN: XUNTANZAS EN FAMILIA

19/02/22	O MILLADOIRO
26/02/22	A POBRA
06/03/22	CULLEREDO
26/03/22	O MILLADOIRO
02/04/22	CULLEREDO
23/04/22	O MILLADOIRO
11/06/22	O MILLADOIRO
03/11/22	FISTERRA
03/11/22	O MILLADOIRO

Abordaxe dalgunha das xuntanzas:

XUNTANZAS EN FAMILIA **A Diversidade en Acollemento**

As necesidades das crianzas e adolescentes que están no sistema de protección son diversas e a resposta dende Acougo tamén, por iso queremos implantar programas que aporten solucións a situacións reais, este será o tema principal da última xuntanza en familia de este curso.

XUNTANZAS EN FAMILIA **A realidade do Acollemento en Galicia**

Cantas crianzas e adolescentes están no sistema de protección? Que porcentaxe están en acollemento familiar en familia extensa e allea? Que entidades están implicadas no acollemento familiar? De estas e outras cuestións falaremos nesta Xuntanza en familia.



XUNTANZAS EN FAMILIA **FALANDO DE ACOLLEMENTO**

As familias acolledoras coñecemos moi ben os nosos deberes pero tamén temos dereitos que a lei reconece como nosos aínda que a realidade e que son dereitos para as crianzas e os adolescentes que nos coidamos , na terceira Xuntanza en Familias que realizaremos en O Milladoiro falaremos de esos dereitos e deberes.



XUNTANZAS EN FAMILIA **Compartindo** **cultura de acollemento**

As familias de acollida sabemos que **FAMILIA** ten moito que ver con **CORAZÓN**, por iso estas xuntanzas son para todas aquelas persoas que teñen o acollemento no seu corazón, familias acolledoras, familias en proceso de idoneidade, educador/as dos centros residenciais, persoas con inquedanzas sobre o acollemento...



OUTROS PROGRAMAS

○ *Familias Plus*

Familias plus é un recurso de apoio que se ofrece a familias que temporalmente se atopan en dificultades para a atención ás súas crianzas, sen que estas supoñan unha desprotección pero si factores de risco que requiren dunha intervención dos servizos sociais básicos.

ACOUGO da comezo nos últimos meses do ano 2022 a este proxecto, que lidera en Galicia, nos concellos de Ames e A Coruña coa intención de darlle continuidade no ano 2023.

Fíxose unha forte campaña de difusión do programa para captación de familias en ambas as dúas localidades.

BUSCANSE!
APÚNTATE NO 622.672.188

...FAMILIAS DE APOIO!

Cantas gañas tes de axudar?
Sabes que hai familias que precisan axuda no coidado das súas fillas e fillos?
Apúntate ao curso Familias Plus!

LUGAR: Aula 2, Centro cívico San Diego
21, 24, 28 de novembro e 1 de decembro de 10 a 13 horas
OU
26 de novembro e 3 de decembro de 10 a 14 horas

ACOUGO
ASOCIACIÓN GALEGA DE FAMILIAS DE ACOLIDA
www.acougo.gal
622.67.21.88

Ayuntamiento de A Coruña
Concello da Coruña

CENTRO CÍVICO SAN DIEGO
RÚA ALBERTO GARCÍA FERREIRO SEN NÚM. (PARQUE DE SAN DIEGO)

○ *Banco de recursos*

O banco de recursos é un servizo de préstamo ás familias acolledoras e de orixe. O obxectivo é facilitarlles a adquisición de roupa e enseres necesarios para a crianza dos NNA que están ao seu coidado, fomentando así a cultura de reutilizar e compartir.

No ano 2022 comezamos con moita ilusión este novo proxecto nun local da localidade de Padrón.



○ *Curso en familia*

ACOUGO da comezo no ano 2021 este proxecto. No ano 2022 continuamos coa presentación do mesmo nas ETM:

- A Coruña , 31 de Xaneiro
- Lugo, 17 de Febreiro
- Pontevedra, 7 de Xuño
- Ourense, 14 de xuño

FICHA DO PROXECTO
NOME DO PROGRAMA
Un curso en familia
ÁMBITO DE ACTUACIÓN
<p>“Un curso en Familia” supón deseñar un novo tipo de acollemento familiar cunha duración dun ano e ligado a un compromiso persoal co seu itinerario formativo por parte das persoas adolescentes participantes.</p> <p>Obxectivo: xerar alternativas para a adolescencia en acollemento residencial durante os meses lectivos e impulsar a medida de acollemento familiar na sociedade galega. Ampliando a súa rede de apoio e ofrecendo unha experiencia en familia que facilite adquirir novos modelos de referencia no seu presente e futuro.</p>
BENEFICIARIOS/AS
<p>Adolescentes participantes:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Adolescentes con idades comprendidas entre os 13 e 17 anos que actualmente residen en centros residenciais de protección da comunidade autónoma galega. • Manter a estabilidade nas diferentes áreas da vida do/a adolescente (plan de contactos establecido coa súa familia de orixe, actividades extraescolares e contacto co seu grupo de iguais) mediante a asignación de familias próximas ao seu entorno. • Compromiso de asistencia diaria a clase. • Compromiso explícito de implicación e esforzo co curso escolar (cualificacións académicas). • Aceptación voluntaria e nivel madurativo óptimo para entender as características e o acordo de colaboración. <p>Familias participantes:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Compromiso de manter o vínculo emocional co adolescente tras o periodo de convivencia para converterse nun recurso de apoio. • Ter o seu domicilio familiar próximo ao centro residencial co fin de manter a estabilidade nas diferentes areas da sua vida. • Entender e estar disposto a participar no programa. • Ter estabilidade emocional, familiar e afectiva. • Contar con estabilidade económica e unha vivenda axeitada. • Ausencia de calquer causa que incapacite para a participación no programa.
ORGANISMO COLABORADOR
<ul style="list-style-type: none"> • Dirección xeral de infancia, familia e dinamización demográfica • Centros de protección á infancia e adolescencia

SENSIBILIZACIÓN E INCIDENCIA SOCIAL E POLÍTICA

Xunto co traballo de difusión, formación e intervención directa en materia de protección á infancia e adolescencia, e máis especificamente en acollemento familiar, consideramos imprescindible a participación e incidencia política.

No noso empeño de visibilizar ás crianzas do sistema de protección e achegar a medida do acollemento familiar á sociedade, planificamos unha serie de actuacións a nivel local, comarcal, provincial, autonómico e estatal, coa intención de unificar criterios e ir descentralizando o modelo ata agora establecido.

No ámbito máis político, participamos en reunións, declaracións institucionais, en plenos dos concellos e presentamos mocións coa finalidade de acadar compromisos e actuacións concretas que poñan en valor a medida de acollemento familiar, faciliten o día a día das familias acolledoras e crianzas en acollemento familiar e fomenten a promoción para a súa visibilización e apoio.

Intervencións nesta liña foron as **reunións políticas** mantidas durante o ano 2022:

- Subdirectora e xefa de protección. Dona Cristina Blanco. Xefe do Servizo de Protección de menores. Don Jorge González Fernández. 23 de febreiro e 9 de agosto e 28 de setembro.
- Valedora do pobo. Acompañando a diversas familias de acollida. 7 de marzo.
- Conselleira Política Social e Xuventude. Dona Fabiola García Martínez. 8 de marzo.
- Director de Administración y Relaciones con las Asociaciones de Amigos del Camino de Santiago. Don Ildefonso de la Campa Montenegro. Xacobeo.. 5 de abril, 19 de xullo e 1 de agosto.
- Xefe territorial do Servizo de Familia, Infancia e Dinamización Xeográfica de A Coruña. D. Alejandro Vazquez Díaz 11 de maio.
- Secretario Xeral do Estado para os dereitos sociais. . Don Nacho Álvarez. 31 de maio.
- Xefe territorial de Ourense. Don Ignacio Fernandez Novoa. 14 de xuño.
- Vicepresidente segundo da Xunta. Conselleiro de Xustiza e Deporte. Don Diego Calvo. 22 de xullo.
- Presidente do Parlamento Galego. Don Miguel Santalices Vieira. Diputado Don Pedro Puy Fraga. 12 de decembro.
- Alcalde do Concello de Santiago. Don Xosé Sánchez Bugallo. Recepción de Nadal. 22 de decembro.





Ademáis, creemos que “a unión fai a forza” e por iso pertencemos á **Plataforma de Organizacións da Infancia de Galicia POIG** co obxectivo de aportar na mellora do sistema de protección de Infancia e Adolescencia e no desenvolvemento de accións que velen polo seu interese superior, atendendo ó seu dereito de medrar en familia. Consolidamos ademáis o **grupo de participación infantil**.



Coa mesma intención, ACOUGO é membro da Asociación **Estatal de Acollemento Familiar ASEAF** e traballamos conxuntamente, formando parte da directiva.

Propulsar e desenvolver políticas Estatais que amparen, apoiem e acompañen ás Comunidades Autónomas para dar cumprimento ás leis e que atenda ás necesidades reais dos nenos, nenas e adolescentes do sistema de protección, das familias acolledoras e familias de orixe como protagonistas e suxeitos de dereitos e obrigas, e así garantir o bo funcionamento da mellor medida de Protección da Infancia e adolescencia: “O Acollemento Familiar”.

A transformación social pasa pola implementación de políticas que den forma ás leis, incluso que impulsen novas leis que respondan ás necesidades de tan cambiante realidade. Son as necesidades das persoas as que dan sentido ás leis, por iso tamén somos unha plataforma que apoia ás familias acolledoras na súa comunicación coas administracións pertinentes para a continua mellora lexislativa.

Para iso o noso equipo elabora, revisa e propón **documentos de distinta índole e relevancia no eido lexislativo**, executivo e de intervención. Traballamos en:

- Anteproxecto de lei de familias.
- Prestación por acollemento familiar.
- Impulso para a elaboración do I Plan Galego de Acollemento Familiar.
- Estratexia nacional de desinstitucionalización.

Participamos tamén no ano 2022 en diferentes **actos** que pretenden a **transformación social**:


Acto "La Ley de Familias. Un país que cuida a sus familias". Madrid, 21 de maio



Premios serenidade. Cadena SER. Santiago, 23 de febreiro



XV Congreso Internacional da Infancia Maltratada. Onde expuxemos o traballo que realizamos dentro do convenio coa Xunta de Galicia.



Escuelas libres de violencias: el papel de los coordinadores y coordinadoras de bienestar y protección". 15 de setembro.

A ti te importa: Estrategia de Erradicación de la violencia contra la Infancia y Adolescencia Ministerio de Derechos Sociales y Agenda 2030. Madrid, 16 novembro de 2022



Nesta liña tamén contactamos e mantemos **reunións con entidades do eido social e empresas que apoian o labor do terceiro sector**, para traballar conxuntamente:

Fundación Paideia. Fundación con 5 eixes principais de traballo: discapacidade, emprego, xuventude e mobilidade, o emprendemento, o desenvolvemento territorial e a formación e divulgación. 16 de febreiro



Fundación NARU. Fundación que traballa pola necesidade de cambiar o mundo a través da formación. 16 de febreiro

AFA Semente Compostela. Asociación de familias do alumnado do CPREX Semente Compostela. 21 de febreiro.



Anxiños. Atención a crianzas e adolescentes con trastornos mentais. 20 marzo

Meniños. Reunión cos equipos de Coruña e Ourense, para compartir proxectos e información sobre casos.
- Coruña: 21 de marzo y 7 de abril
- Ourense: 21 de xullo



Gadisa. Reunión coa empresa de alimentación para diferentes colaboracións. 24 de marzo

ACLAD. Asociación Cidadá de Loita contra a drogadicción. Firmamos convenio con esta entidade, comprometéndonos a colaborar. Traballamos con diversas mulleres que son familia de acollida de crianzas do Sistema de Protección. 7 de abril

Poten100mos. Entidade que traballa polo desenvolvemento persoal e inclusión de persoas en situación de vulnerabilidade. 19 de abril e 27 de maio

PestudioPeriodismo Social. 1 de agosto

Centro Comercial As Cancelas,
Santiago. 7 de Setembro



Escuela Hogar M^a Inmaculada de O Barqueiro – Apostólicas de Cristo Crucificado. 13 de setembro

Mel de Galicia. 13 e 16 de setembro

Casa de Familia Arela – Conxo. 6 de outubro

CIMEGA. Reunión co Círculo de Mediación de Galicia. 15 de decembro

AGAFEM. Asociación de familias de acollemento en extensa. 21 de decembro

FINANCIAMENTO, COLABORACIÓNS E APOIOS

A procura por acadar os fins fundacionais recollidos nos estatutos leva consigo a necesidade de dotar á Asociación de recursos económicos que lle dean soporte técnico profesional estable, e que garantan a permanencia e mantemento dos servizos que se están a desenvolver.

Así no ano 2022, cofinanciaron a nosa actividade diferentes administracións públicas, que unidas a campañas solidarias de crowdfunding, recadación de fondos solidarios, doazóns e apoio dos asociados, permitiron desenvolver todos os programas.

Convenio de colaboración para o ano 2022, entre a Consellería de Política Social e Xuventude e a Asociación de Familias de Acolida "ACOUGO", para o desenvolvemento do programa "Xerando Cultura de Acollemento", no marco do plan de recuperación, transformación e resiliencia. Financiado pola Unión Europea – NextGenerationEU.

Importe concedido: 115.168,67€
Porcentaxe de financiamento: 0,9385



galicia

SI436B Plan Corresponsables: Línea Plan Corresponsables a desenvolver por las entidades de iniciativa social. "Programa de formación en temática de cuidados, para poder mellorar a situación das familias, tanto de acollida coma de orixe, mellorando a situación das crianzas do sistema de protección"

Importe concedido 13.642,11€



FOAXE-P: Convocatoria do programa de subvencións a entidades sen fins de lucro para o mantemento de programas e servizos en materia de servizos sociais no ano 2022. Programas de atención psicosocial e intervención socioeducativa dirixidos a menores en situación de risco. "Programa de intelixencia emocional, mindfulness e merendas compartidas para menores do sistema de protección e familias de acollida"

Importe concedido: 9.156,67€
Porcentaxe de financiamento: 0,80



Subvencións destinadas a entidades para actividades de INTERÉS SOCIAL en materia de SERVICIOS SOCIALES para o exercicio 2022: "Familias + : Información y divulgación sobre alternativas innovadoras en acogimiento familiar"

Importe concedido: 2.187€
Porcentaxe de financiamento: 0,68



Subvencións a entidades de iniciativa social sen ánimo de lucro para a promoción de actividades complementarias aos servizos sociais comunitarios e inclusión social do Concello de Ames, exercicio 2022.

"Curso de formación específica sobre acollemento familiar e o sistema de protección de menores, dentro das escolas".

Importe concedido: 1.531,20€
Porcentaxe de financiamento: 0,8

"Curso de información e divulgación a familias de apoio no programa de Familias +".

Importe concedido: 1.531,20€
Porcentaxe de financiamento: 0,8

